



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** A nova Lei de procedemento administrativo e os condicionamentos europeos na súa aplicación

**CONVOCATORIA:** Convocatoria AUTONÓMICA, primeiro semestre

**GRUPO:** Cursos Autonómico

**ÁREA:** Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	20
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	ANULADO	<b>ANO:</b>	2017
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 18/02/2017 - 08:00h ao 27/02/2017 - 14:00h

**RESPONSABLE:** ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O Programa Nacional de Reformas español (PNR) de 2014, presentado perante a UE, anunciaba a aprobación da que hoxe é a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, como ferramenta indispensable para a urxente modernización da economía do país. Esta medida anunciábase xunto coa que sería a Lei 40/2015, da mesma data, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como a modificación da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, operada fundamentalmente pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa –que introduciu a Base de Datos Nacional de Subvencións-, e máis pola devandita Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público. Deste xeito, toda a nova lexislación administrativa básica do noso Ordenamento ha encadrarse nesta liña de mellora da eficiencia na xestión pública, polo que cómpre coñecer os condicionantes europeos que a explican e contribúen a súa axeitada interpretación e aplicación.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.  
En especial aquel que aplique procedementos fundamentados en normas europeas ou en políticas públicas orixinariamente europeas, ou que xestione axudas cofinanciadas con Fondos da UE.

### PROGRAMA

Xénese da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: encadre europeo e Plan Nacional de Reformas.  
A nova Lei de Procedemento Administrativo Común no contexto da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e da anovada Lei 38/2003, Xeral de Subvencións: motivacións europeas.  
A incidencia das iniciativas «Better regulation», «Smart regulation» e «Small Business Act» na nova lexislación administrativa.  
Os precedentes inspiradores da Directiva 2006/123/CE, relativa aos servizos no mercado interior, e das leis 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e 25/2009, do 22 de decembro, que modificara a Lei 30/1992: declaracións responsables e comunicacións consontes co Dereito da UE.  
Simplificación administrativa e eficiencia na xestión: o caso da Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia.  
O Regulamento (UE) 910/2014, relativo á identificación electrónica, e o seu impacto na Lei de Procedemento Administrativo Común.  
Prazos administrativos e concorrencia de procedementos europeos.  
Responsabilidade patrimonial e Dereito da UE.  
Principios de boa regulación administrativa e fundamentos europeos.  
Supostos prácticos de procedementos adaptados aos condicionantes europeo

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 27/03/2017 a 05/04/2017

**NUM. PRAZAS:** 25

**ESTADO:** NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

**DATA EXAME:** 05/04/2017

#### DOCENTES NOMEADOS

José Manuel Blanco González